

Amigas e amigos.

Edicións A Nosa Terra hónrase en lles apresentar esta publicación especial do semanario que contén unha visión o máis ampla posíbel, ainda que incompleta, pois é unha primeira aproximación á vida e a obra de Antón Avilés de Taramancos, na certeza de que só é un homilde comezo, mais é o comezo dunha reivindicación que xa era feita en círculos más íntimos e próximos a el e que hoxe comeza un novo camiño de reivindicación pública da súa obra, do lugar central que debe ocupar a súa obra e o seu compromiso creador para co noso país. Só así cumpliremos ese mandato escrito con palabras invisíbeis mais indelébeis que é o compromiso noso coa cultura e coas xentes honestas do noso país.

Están con nós para apresentar esta publicación Luís Villalta, Xosé Agrelo, Xosé Alvarez Cáccamo.

Apoiándome nun verso de Emily Dickinson, quixéralles dizer que todo aquil que perdemos levase algo de nós e fica máis noso, e como a lúa será requerido polas marés, polas nosas marés interiores: xa a nosa cultura require a Antón Avilés de Taramancos.

Traerelles esta publicación sobre Antón Avilés é motivo de ledicia e motivo de reflexión de que pouco a pouco a súa obra leveda, emerxe máis poderosa, a do poeta en nós entrañado, que compartiu con nós, coa súa amizade o amor polos seus e polo noso país.

Son xa dez anos de ausencia mais permítanme que lles diga que cada vez está máis presente, e xa non só para un grupo que nos privilexiou coa súa amizade, coa sua humanidade: para ser patrimonio cada vez máis da nación que amou e á que entregou a flor dos seus soños, a flor dos seus poemas.

Antón Avilés é o fogar máis tenro e amado dos poetas, nos días de amargura e nos días de ledicia, pois era un ser, como diría o tamén querido poeta Fiz Vergara, sen fel: sin querer selo, era o mestre, sin querelo emerxe do tempo quen é un dos melhores poetas que nos deu o século XX, todo aquilo que tocaba enchíao de dignidade, como a grande árvore que dá o froito dos soños. A súa cerna era a do país natal, a dos carballos do bosque da infancia, mais permítanme que reivindique en Antón Avilés de Taramancos a súa estética poética e tamén e tanto a súa ética existencial.

Nunca houbo distancia íntima entre o seu amor pola poesía e polo seu país e polos seres que amou. Como a flor más leve desfoliou as pétalas da rosa dos ventos pola América más nutricia e troxo para a nosa terra a flor, troixonos a mirada de Sofía para que a nosa luz sexa máis luz.

Escríbela do poeta amigo González Garcés, xa falecido, *pasan coma nun lampo de retallados da miña vida e pasa un sulco aberto onde tamén puxo a súa semente a poesía*.

Así eu busco a Antón na memoria, unha imaxe que me traia a memoria súa, a súa paixón de viver, e todo é canto ou canción poema que desce e pousa como branca onda ou nevarada. Antón é palabra firme e grave e evanescente que vén no seu clamor nutricia. Volver a Antón é necesario para volver dos días que nos firen e logo parten, e volver a Antón é como quen volve no abrazo amigo ao reino da infancia, ao reino da ternura, como quen volve ao tremor da vida libre incandescente. Baixo a árvore súa e a súa cerna protectora, paseamos as nosas sombras para que sexan cunca de vidro e os seus soños sexan os nosos soños, para que sexa esta hora antiga e manseniña buscamos a Antón Avilés e atopámolo se lemos a liña da vida das mans do mariñeiro que envolve o argazo e tensa a rede. Buscamos a Antón e atopámolo na man do labrego que guía o arado, que sementa e ara no fulgor das horas e fai da luz de marzo sulcos e galga a serra inaprensíbel. Buscámolo na tarde fría e é a hora mais calmosa e é súa a memoria nosa e a ausencia e traza a súa elipse de bimbia e non hai con el tempo de amargura.

A luz da súa palabra treme no seu leme e é ámbar e permanece o río e o bosque e borbullo a fonte e escoito para el os seus amados coros de nabuco, que saen da alma popular ergueitos, e rompen as trabes do horizonte

Bébedo de solpores, os seus poemas coma o pardal peteira o vidro e no espello da auga clara, dános a súa chama nos eidos desta terra inmemorial.

Deixounos dito Antón Avilés:

*os que cantamos os vellos himnos que simbolizan ao noso povo e á nosa patria non queremos máis que significar o amor e o direito a ser livres.*

Ou

*nosa non foi a espada. noso é o remo e o ad iv al.noso é a fouce e a bigorna e o cincel.*

Del recibimos o facho do pensamento poético, o compromiso activo para co noso idioma e para co noso país e para os desposuídos desta terra, e, alí onde o sexan, o seu pensamento de liberdade é para nós mandato de futuro.